

## INDICACIÓNS TAREFAS SEMANA DO 27 AO 30 DE ABRIL

Ola de novo, alumnado!!

Dádesvos conta de que estamos a rematar abril? Como pasou o tempo, non si? Ánimo, que semella que poderedes saír un pouquiño a partir do luns , mais con moito coidadiño...

**Que tedes que facer esta semana?** Ante todo organizarvos , non deixar as tarefas para o último día, **ler ben** as indicacións e coidar **moito** a presentación dos traballos. Xa vedes que esta semana démosvos tempo para actualizar as tarefas e así establecer unha rutina para seguir semanalmente. Como van ser catro días, xa que o venres 1 é festivo, programamos traballo para poder facer sen ningún apuro e que **o xoves 30** teñades todo listo para corrixilo a través do blog agás a **actividade de lingua galega, que lla enviaredes á titora xunto coas 4 frases feitas da semana, 1 poesía e as greguerías (Lembrade que esta é unha actividade para plástica. Quen xa teña feitas as 10 NON ten que facer máis, agás que voluntariamente queira amplialas)** . Ese día estarán colgadas as solucións **das actividades da semana** de CCNN, Mate e Lingua castelá. Corrixide ben e fixádevos nos erros que teñades, se é que os tedes.

**CCNN:** Seguimos con **Materia e materiais**. Exercicios que podedes resolver consultando o libro de texto se tedes dúbidas.

**Lingua Castelá:** Un exercicio de repaso de tempos verbais e dúas oracións para analizar. Olo coas análises. Completiñas, como facemos na clase.

**Matemáticas.** Exclusivamente problemas de repaso.

**Lingua Galega.** Un conto moi "ilustrado". Tedes as instrucións na tarefa. **Coidade a presentación e que non se vos esqueza poñer un título, claro.**

Sabedes que **as tarefas e propostas das demais áreas** están nos seus enlaces correspondentes. Recomendámosvos entrar diariamente no blog a ver que sorpresas nos agardan. Intentamos comezar cada día coa exposición dalgún traballo que nos enviades. Estánnos a chegar traballos chulísimos e moi orixinais.

**Boa fin de semana!! Coidádevos!! Unha aperta dos vosos profes.**